



O Colexio de Traballo Social reclama á Xunta utilizar os mecanismos legais para impedir que as persoas preceptoras da RISGA e o IMV asuman os custos da descoordinación entre institucións

- **O COTSG lembra que existen mecanismos para afrontar esta situación sen prexudicar á persoa preceptora, incluíndo a condonación.**
- **Reclaman que as e os traballadores sociais conten coa información axeitada para asesorar adecuadamente ás persoas usuarias no proceso de intervención social.**

Redacción 21-05-21.- Ante a alarma social xerada pola reclamación, por parte da Xunta de Galicia, de importantes cantidades económicas ás persoas que perciben a Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e que recibiron de forma retroactiva os pagamentos de varias mensualidades de Ingreso Mínimo Vital (IMV), o Colexio Oficial de Traballo Social denuncia que o Goberno galego carga un problema derivado da súa xestión sobre o colectivo de persoas que perciben estas axudas.

O Colexio considera que a Xunta debeu buscar fórmulas de compatibilidade entre ambas as prestacións no tempo transcorrido dende a entrada en vigor do Ingreso Mínimo Vital. O Goberno autonómico ten a responsabilidade de non cargar os custos desa falta de planificación sobre persoas cuxa situación económica as fai aínda máis vulnerables ante esta decisión.

Dende o COTSG recórdase á Xunta de Galicia que a Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia, desenvolta a través do Decreto 14/2019, contempla mecanismos para solucionar situacións derivadas de cobros indebidos que non castigan dobremente á persoa beneficiaria cando a responsabilidade da situación non é súa. Concretamente, a compensación cando se recoñeza un novo dereito á renda de inclusión social ou mesmo a condonación en función das circunstancias concorrentes, caso da existencia de menores na unidade de convivencia da persoa que percibe a prestación.

Descoordinación e falta de información

Esta decisión do Goberno galego evidencia unha ausencia de coordinación cos Servizos Sociais Comunitarios Básicos e específicos por parte da Xunta, que non trasladou adecuadamente a información sobre as modificacións e criterios a seguir. Como profesionais cualificadas/os no proceso de intervención social e, máis especificamente, profesionais de referencia para o seguimento da RISGA, as e os traballadores sociais deben contar con información e coñecemento previo ante calquera cambio ou modificación. Esta información é necesaria para posibilitar un asesoramento adecuado das persoas usuarias que as preveña ante situacións como a que vén de xerarse.

Por último, o COTSG reclama que as directrices e criterios autonómicos sobre esta prestación e as súas condicións sexan homoxéneos e coordinados entre as distintas xefaturas territoriais. Este é, alerta o Colexio, o único xeito de garantir os principios de xustiza, equidade e igualdade para todas as persoas que hoxe son beneficiarias destas axudas no territorio galego.

Máis info: 604 07 63 63 (gabinete Comunicación COTSG)